

Luns, 9 de outubro de 2023

Núm. 195

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
SILLEDA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL PREVENCIÓN E DEFENSA INCENDIOS
FORESTAIS*

*ANUNCIO
(EXPTE. 281/2023)*

*APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS
FORESTAIS (PMPDIF) DO CONCELLO DE SILLEDA*

Polo Pleno da Corporación, en sesión de data 28.09.2023, acordouse

PRIMEIRO. Aprobar DEFINITIVAMENTE o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de Silleda.

SEGUNDO. Remitir este acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte.

TERCEIRO. Publíquese o anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios e portal de transparencia municipal, en publicidade activa da información municipal, de conformidade coa lexislación estatal e autonómica.

Contra o presente acordo, que agota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao desta notificación, ao abeiro dos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, de conformidade co artigo 8 e 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación.

Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente ao seu dereito.

Silleda, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: KVGUZXC0Y30TJ2D

